

PROTOCOLO BÁSICO COVID-19 PARA A VOLTA Á ACTIVIDADE DEPORTIVA

Federación Galega de Deporte Adaptado

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. OBXECTO E METODOLOXÍA

3. MEDIDAS XERÁIS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO

4. COORDINADOR DO PROTOCOLO

5. COMUNICACIÓN E SEGUIMENTO DA SINTOMATOLOXÍA

1. INTRODUCCIÓN

O obxectivo primordial deste protocolo é limitar ao máximo posible a capacidade de transmisión do coronavirus desde o primeiro desprazamento cara a instalación, espazo de práctica ou centro deportivo, durante o feito deportivo, e despois do mesmo. A través das condutas idóneas das persoas implicadas no feito deportivo, estas, probablemente poidan ser influíntes nas condutas positivas doutros moitos cidadáns de Galicia, en entornos familiares, locais, profesionais, escolares, etc.

A COVID-19: SÍNTOMAS E FORMA DE CONTAXIO.

Segundo o establecido polas autoridades sanitarias, os síntomas máis habituais da COVID-19 son a febre, a tose seca e o cansancio. Pode haber outros síntomas atípicos e pouco frecuentes como pode ser dor de garganta, perda do gusto ou olfato e dores musculares, entre outros. Unha persoa pode contraer a COVID-19 por contacto con outra que estea infectada polo virus.

A enfermidade propágase principalmente de persoa a persoa a través das gotículas que saen despedidas da nariz ou a boca dunha persoa infectada ao toser, estornudar ou falar. Unha persoa pode contraer a COVID-19 se inhala as gotículas procedentes dunha persoa infectada polo virus. Por eso é importante manterse alomenos a 1,5 metros de distancia dos demais ou uso de máscara se non se pode garantir esa distancia interpersoal de seguridade.

Estas gotículas poden caer sobre os obxectos e superficies que rodean á persoa, como mesas, pomos, varandas, material deportivo, etc. de modo que outras persoas poden infectarse se tocan eses obxectos ou superficies e logo tócanse os ollos, o nariz ou a boca. Por elo é importante lavarse as mans frecuentemente con auga e xabón ou con un desinfectante a base de alcól, evitar tocarse os ollos, a boca ou o nariz.

2. OBXECTO E METODOLOXÍA

O obxecto deste protocolo é establecer a metodoloxía a seguir polos diferentes estamentos da Federación Galega de deporte adaptado no establecemento das medidas de prevención

necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.

En todo caso, este tamén é un proceso de análise flexible, formativo e continuo, que require dunha revisión permanente das situacións de contaxio e das medidas, atendendo á normativa que se vaia establecendo por parte das autoridades sanitarias, así como das situacións que vaian xurdindo en cada contexto deportivo.

3. MEDIDAS XERAIS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19

Todos os axentes que participan directa ou indirectamente na realidade deportiva deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición a ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exixible aos titulares de calquera actividade deportiva.

Tralo proceso de recollida de información e análise das potenciais situacións de contaxio e en atención ao sinalado polas autoridades sanitarias, establécense unha serie de recomendacións xerais, para todos os estamentos que componen a nosa Federación.

3.1. MEDIDAS DE DESINFECCIÓN E LIMPEZA DE SUPERFICIES E MATERIAL

Con carácter xeral, sen prexuízo das medidas específicas establecidas pola federación deportiva ou no protocolo da instalación correspondente, respecto á limpeza e desinfección de espazos, materiais e superficies deberánse ter en conta as seguintes:

- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada en auga a temperatura ambiente ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto

respetaranse as indicacións da etiqueta. Así mesmo, non se deben mezclar produtos diferentes.

- Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, e procederase posteriormente ao lavado de mans.
- Cando existan postos de traballo compartidos por máis dunha persoa do staff, estableceranse os mecanismos e procesos oportunos para garantir a hixienización destes postos.
- Procurarase que os equipamentos ou ferramentas empregados sexan persoais e intransferibles, ou que as partes en contacto directo co corpo da persoa dispoñan de elementos substituíbles. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurarase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.
- Realizar tarefas de ventilación periódica nos espazos utilizados e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Na medida do posible, manter as portas abertas con cuñas e outros sistemas para evitar o contacto das persoas cos pomos, por exemplo. Durante as actividades en recintos pechados, na medida do posible, realizar os tempos de descanso e/ou recuperación en zonas ao aire libre ou ben ventiladas.
- Disporase de papeleiras pechadas e con accionamento non manual, para depositar panos e calquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente, e, polo menos, unha vez ao día. Así mesmo, estas papeleiras deberían contar con bolsa desbotable que se cambie alomenos unha vez ao día.

3.2. MEDIDAS PARA OS AXENTES QUE DIRECTA OU INDIRECTAMENTE PARTICIPEN NA PRÁCTICA DEPORTIVA (Staff, deportistas, acompañantes, público, etc.)

- **Xerais:**

- Cumprir todas as medidas de prevención que estableza a Entidade deportiva no seu protocolo.
- O uso da mascarilla será obrigatorio, agás no momento da práctica deportiva.
- Deberase manter a distancia de seguridade interpersoal e utilizar máscara. Cando non se utilice, é importante gardala axeitadamente para evitar que adquira ou transmita o coronavirus.
- Sempre que sexa posible, os deportistas, durante a práctica deportiva deberán manter a distancia de seguridade interpersoal. A estes efectos, o protocolo federativo deberá establecer as medidas de tratamento de risco de contaxio adaptadas á casuística.
- Evitar lugares concurridos.
- Evitar en todo momento o saúdo con contacto físico.
- Utilizar panos desbotables e tiralos á papeleira, tras cada uso.
- Asegurarse de manter unha boa hixiene respiratoria. Eso significa cubrirose a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano desbotable ao toser ou estornudar. Neste caso, desbotar de inmediato o pano usado e lavar as mans.
- Lavar con frecuencia as mans con agua e xabón ou con xel hidroalcohólico.
- Na medida do posible, evitar tocar os ollos, o nariz e a boca e no caso de facelo, prestar atención ao lavado previo de mans.
- Realizar un auto test antes de ir cara a actividade deportiva, para confirmar se pode ter síntomas de COVID-19: Toma de temperatura, febre, tos ou falta de alento?
Ante calquera síntoma, non acudir a actividade, e comunícalo
- Todos os axentes que directamente ou indirectamente participen na práctica deportiva deben facer unha vixilancia activa dos seus síntomas e levar a cabo un rexistro da temperatura corporal tres veces ao día, pola mañá y pola noite nas súas casas e cando chegan ao adestramento. Ante calquer síntoma compatible coa COVID-19 non levar ao deportista ao adestramento e avisar ao adestrador en caso de que acudira a algún adestramento previo para facer un control preventivo do resto de grupo afectado.
- Si se estivo en contacto con unha persoa afectada pola COVID-19 ou si a persoa ten algún síntoma, aínda que sexa leve, se deberán respetar os tempos establecidos

de cuarentena e ter o visto e prace do médico para o reinicio de calquer tipo de actividade física.

- No caso de asistencia de público en eventos deportivos, tal como marcan as autoridades competentes, deberán permanecer sentados e non superar o setenta e cinco por cento da capacidade permitida na instalación, cun límite máximo de trescentas persoas para lugares pechados.
- Se inhabilitarán servizos que non sexan completamente seguros dende o punto de vista sanitario con especial incidencia en fontes de auga, aparatos de secado de aire...
- Evitar o uso de máquinas expendedoras. En caso contrario, será obrigatorio o uso de hidroxel desinfectante antes do seu emprego, debendo estar dispoñible xunto ás máquinas.

- **Desprazamentos aos adestramentos e ás competicións:**

- Non compartir vehículo particular con outras persoas non conviventes, sempre que sexa posible. De non ser así, priorizar formas de desprazamento que favorezan a distancia interpersoal e, en todo caso, utilizar máscara. Ademais é importante un asiduo lavado de mans ou emprego de xel hidroalcohólico antes de entrar e despois de saír do vehículo.

- **Alimentos, bebidas ou similares:**

- Non se deben compartir alimentos bebidas ou similares. Recoméndase marcar os envases utilizados para evitar confusións.

3.3. OUTRAS MEDIDAS

- **MEDIDAS ORGANIZATIVAS.**

- Poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata **vinte e cinco persoas sen contacto físico**, (susceptible de modificacións puntuais, marcadas pola autoridade

pertinente, no caso de rebrotes en diferentes zonas), e sempre que non se superen os dous terzos da capacidade máxima permitida.

- Todos os accesos teñen que ser escalonados para evitar aglomeracións, respetando a distancia de seguridade cerca do control de entrada e zonas común (hall, vestiarios...). De ser posible habilitarase un acceso de entrada e outro da saída para evitar concentración de persoas. Este control debe garantir o cumprimento estrito do aforo máximo calculado para esta situación extraordinaria, establecendo medidas para organizar aos usuarios que permanezan no exterior do recinto de adestramento ou competición en espera de acceder a él cando o permita o aforo.
- Recoméndase a instalación de alfombrillas ou máquinas desinfectantes de calzado, de non ser posible, o calzado da calle gardarase nunha bolsa e se accederá á instalación, cun calzado específico para a práctica deportiva (deportistas, adestradores, e calquera persoa do staff).
- Só está permitida a entrada de deportistas e persoal técnico á instalación.
- Modificación dos sistemas de adestramento para unha adaptación progresiva á actividade física co fin de evitar lesións.
- Establecer un sistema de uso de vestiarios, asegurando a distancia social de mínimo 1,5m, tendo en conta o aforo da sala. Asegurar as medidas con respecto á roupa da calle que deberá gardarse de forma individual e con seguridade en bolsas e taquillas, así como o calzado. As bolsas/mochilas deberán manter a distancia mínima de 1,5m entre elas.
- A entidade responsable da actividade deberá garantir que os deportistas dispoñan do material de prevención, xa sexa porque o pon a disposición o titular da instalación, a entidade organizadora da actividade ou porque o traen os deportistas, staff, etc.
- Evitar, na medida do posible, o uso de materiais compartidos durante a actividade. Se isto non fora posible, garantirase consonte o establecido no punto anterior a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado por parte dos axentes participantes e estableceranse os mecanismos de desinfección correspondentes.

- Promoverase o pagamento con tarxeta ou outros medios que non supoñan contacto físico entre dispositivos, así como a limpeza e desinfección dos equipamentos precisos para iso.

- **MEDIDAS DE INFORMACIÓN**

- A Entidade organizadora da actividade informará a todos os axentes que participen directa ou indirectamente na actividade sobre os riscos e medidas sanitarias e de hixiene que deben cumprir de forma individual. Deberá existir unha comunicación continua con todos os axentes da realidade deportiva.
- Facilitaralle ao Staff, deportistas e outros axentes alleos á práctica deportiva, información sobre as medidas de hixiene e seguridade mediante cartelería en puntos clave dos espazos de práctica e acceso á mesma, na páxina web ou redes sociais da entidade e/ou mediante a entrega de documentos, preferiblemente por vía telemática.
- Deberase contar cunha sinalización visible sobre as medidas hixiénico-sanitarias e de prevención establecidas no desenvolvemento da actividade.
- Cando as instalacións onde se desenvolva a práctica deportiva dispoña de ascensor ou montacargas, promoverase a utilización das escaleiras sempre atendendo ás necesidades dos deportistas.

- **MEDIDAS DE FORMACIÓN**

- Deberase promover a formación, especialmente entre o staff para:
 - Adaptar as actividades ás medidas e recomendacións marcadas polas autoridades sanitarias (distanciamento interpersonal, emprego de máscara, etc.). Revisión das actividades a desenvolver, suprimindo aquelas que promoven o contacto físico e primando as que poden levarse a cabo dun xeito máis individual ou con maior distanciamento, intentando non perder a dinámica de grupo, de ser así a especificidade da súa práctica deportiva.
 - Formación sobre as medidas hixénico-sanitarias de carácter persoal recomendables, tales como a necesidade dun correcto e asiduo lavado de mans, o emprego de xel hidroalcohólico, a colocación correcta da máscara, etc. co

obxectivo de implementar estas medidas do contexto da práctica deportiva e tamén para trasladarlhas aos deportistas e ao seu entorno co obxectivo de que se consoliden estes hábitos hixiénico-sanitarios.

4. COORDINADOR DO PROTOCOLO FEDERATIVO

A FGDA designa a Domingo Salinas Costa coordinador para a implementación e seguimento do protocolo federativo, que será o interlocutor coa Secretaría Xeral para o Deporte, informandoa sobre as incidencias que se produzan no seu desenvolvemento. Este coordinador asumirá as funcións que se establezan no respectivo protocolo.

5. COMUNICACIÓN E SEGUIMENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID-19

No caso de que un membro do staff, deportista, etc., teña sintomatoloxía do virus COVID-19, deberá informar de xeito inmediato ao servizo galego de saúde para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade (<https://www.sergas.es/Saude-publica/Novo-coronavirus-2019-nCoV?idioma=es>). Neste senso, considérase sintomatoloxía do virus COVID-19 un cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros.

En caso de detección dun sospeitoso por COVID-19 no entorno da práctica deportiva, deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. A persoa afectada retirárase do grupo e conducírase a outro espazo, facilitándolle unha máscara cirúrxica. Este espazo deberá ser elixido previamente, e debería contar con ventilación adecuada, e unha papeleira de pedal con bolsa, onde tirar a máscara e panos que se poidan desbotar. Contactarase co centro de saúde correspondente á persoa ou co teléfono de referencia (900 400 116), e seguirán as súas instrucións. Se se percibira gravidade chamarase ao 061. Haberá que realizar



FEDERACION GALEGA DE DEPORTE ADAPTADO

Rúa Fotógrafo Luís Ksado, 17 - Oficina 8 – 36209 VIGO

Tfno. 986 234 694 - Móvil 672402073

E-mail: secretaria@fgda.gal Web: www.fgda.gal

Nº RGTR. DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA.-F-12172 (12/1/2015)

N.I.F. G27816271



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

unha boa ventilación, limpeza e desinfección deste espazo e do resto das estancias onde estivera a persoa, acorde á situación do risco. Será preciso tamén illar o contedor/papeleira onde se depositaran os panos ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito no lugar onde se determine.

En todo caso, seguiranse en todo momento as recomendacións das autoridades sanitarias.

DEPORTE CON SENTIDIÑO

1 Ao aire libre poderás realizar calquera práctica deportiva individual sen necesidade de máscara.

Se practicas deporte en grupo, este poderá ser de ata 25 persoas.

A práctica deberá ser sempre sen contacto e mantendo unha distancia interpersoal de, alomenos, 1,5 metros. Se non podes asegurar esta distancia, deberás usar máscara.



3 Se es un deportista federado ou un club, consulta o **PROTOCOLO ESPECÍFICO PARA A PRÁCTICA SEGURA** da túa federación.



2 Nas instalacións (ximnasios, pavillóns, piscinas, pistas...) poderás realizar actividade en grupos de ata 25 persoas, sen contacto físico, sempre que non se superen os dous terzos da capacidade máxima permitida e respectando as seguintes regras:

- Con carácter xeral, non se compartirá ningún material e, se isto non fose posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado.
- As bolsas, mochilas e efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para esa fin.
- Non se poderán compartir alimentos nin bebidas.
- Antes de entrar e ao saír do espazo asignado, deberás limpar as mans cos hidroxeles que estarán dispoñibles para o efecto.
- Os técnicos, monitores ou adestradores deberán manter a distancia de seguridade interpersoal ou utilizar máscara.
- Utilizarase a máscara durante o tempo de circulación entre espazos comúns, salvo que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal.

PARA MÁIS INFORMACIÓN, CONSULTA O PROTOCOLO DE SEGURIDADE CONTRA A COVID DA TÚA INSTALACIÓN.

NORMAS XERAIS:

Uso da máscara en todo momento por parte de todos os axentes (staff, directivos, familia,p'blico) incluíndo os deportistas, salvo no momento de realización do adestramento, único momento no que éstos están exentos de levala e segundo as condicións establecidas nas táboas seguintes

Manter en todo momenyo a distancia de seguridade de alomenos 1,5 metros

Pode haber adestramento individual ou colectivo, sempre sen contacto físico e cun máximo de 25 persoas de forma simultánea (nas instalacións deportivas ademáis, non se poderá superar os 2/3 de aforo para a práctica)

Lavar con frecuencia as mans con agua e xxabón ou con xel hidroalcólico, incluso entre tarefas dentro de cada adestramento, nos momentos establecidos polo staff

Momento	Axente	Contaxio	Tipo de transmisión	Descrición da situación	Medidas
Adestramento - Antes	Staff propio	Contacto	Persoa a persoa	Saúdos antes do adestramento	1. -Evitar saudarse utilizando calquera tipo de contacto
Adestramento - Antes	Staff propio	Contacto	Persoa a persoa	Medidas antes de acudir	1. - Autoevaluación antes de salir da casa, tomarse a temperatura. 2. - No caso de algún tipo de sintomatoloxía, non acudir e comunicalo ó club
Adestramento - Antes	Staff propio	Contacto	Persoa a persoa	Manter medidas hixiénicas recomendadas	1. -Lavar as mas antes e despois de adestramento 2. -Uso e dispoñibilidade nas instalacións deportivas de xel hidro alcohólico 3. -Toma de temperatura de todo os membros do staff 4. - Desinfección do calzado
Adestramento - Antes	Staff propio	Contacto	Persoa a persoa	Adestrador que vai no seu coche a recoller a outro adestrador para dirixirse ao espazo de práctica deportiva	1. -Obriga de que salgan da casa con máscara. 2. -Cando están no coche evitar contacto
Adestramento - Antes	Staff propio	Contacto	Material deportivo de uso Simultáneo	Manipular material deportivo antes do adestramento	1. - Só ter contacto con material deportivo os adestradores, non os deportistas 2. -Colocación e preparación do material deportivo antes do adestramento. 3. -Limpeza de máns 4. -Desinfectar material 5. -Desinfectar o espazo de almacenamiento
Adestramento - Antes	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Espazo libre, de tránsito ou prohibido	1. -Asignación de espazos libres, de tránsito ou prohibidos os diferentes axentes participantes 2. -Posibilidade de zona verde, laranxa ou vermella.
Adestramento - Antes	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Uso do vestiario en función do número de adestradores e deportistas e tamaño do mesmo.	1.-Únicamente estará permitida a súa utilización no caso de ser posible a desinfección entre a entrada e saída de persoas así como a ventilación do espazo. 2. - No caso de que así sexa, o uso do vestiario estará limitado a un número de persoas que permitan manter a distancia de seguridade (+1,5 metros) entre elas. Para cumprir axeitadamente esta premisa, organizaráanse os turnos que sexan necesarios coa correspondente desinfección entre éstos. Despois do seu uso, as mochilas ou equipamento persoal deberá levarse á zona designada tal e como se indica nos seguintes puntos. 3. - No caso de non poder desinfectar os vestiarios tantas veces como é necesario polos motivos que foran, PROHÍBESE O SEU USO, polo que os/as participantes no adestramento deberán chegar debidamente uniformados/as da casa.
Adestramento - Antes	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Espazo e distancia das charlas técnicas entre adestrador e deportistas.	1. -Manter as charlas técnicas en espazos abertos 2. -Manter a distancia de seguridade 3. -Uso obrigatorio da mascarilla por parte dos adestradores
Adestramento - Antes	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso alterno	Reunións do staff (adestrador) con outros alleos (pais/nais, familiares).	1. Espazos amplos e ben ventilados 2. non superar o numero de persoas recomendable 3. Utilización doutras alternativas (reunións telemáticas, teléfono móbil, etc) 4. Obriga de cita previa para as reunións cos pais
Adestramento - Antes	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Medidas antes de acudir a actividade	1. - Autoevaluación antes de saír de casa, tomarse a temperatura 2. - No caso dalgún tipo de sintomatoloxía non acudir e avisar o club e ás autoridades sanitarias
Adestramento - Antes	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Manter medidas hixiénicas recomendadas	1. -Lavar as mas antes e despois de adestramento. 2. -Uso e dispoñibilidade nas instalacións deportivas de xel hidro alcohólico 3. Toma de temperatura 4. Desinfección de calzado
Adestramento - Antes	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Desprazamento dos deportistas no autobús.	1. -Obriga de que salgan da casa con mascarilla 2. -Cando están no autobús evitar contacto
Adestramento - Antes	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Saúdos antes do adestramento	1. -Evitar saudarse utilizando calquera tipo de contacto.

Adestramento - Antes	Deportistas	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Uso do vestiario en función do número de adestradores e deportistas e tamaño do mesmo	1.-Únicamente estará permitida a súa utilización no caso de ser posible a desinfección entre a entrada e saída de persoas así como a ventilación do espazo. 2. - No caso de que así sexa, o uso do vestiario estará limitado a un número de persoas que permitan manter a distancia de seguridade (+1,5 metros) entre elas. Para cumprir axeitadamente esta premisa, organizaráanse os turnos que sexan necesarios coa correspondente desinfección entre éstos. Despois do seu uso, as mochilas ou equipamento persoal deberá levarse á zona designada tal e como se indica nos seguintes puntos. 3. - No caso de non poder desinfectar os vestiarios tantas veces como é necesario polos motivos que foran, PROHÍBESE O SEU USO, polo que os/as participantes no adestramento deberán chegar debidamente uniformados/as da casa.
Adestramento - Antes	Deportistas	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Espazo e distancia das charlas técnicas entre adestrador e deportistas.	1. -Manter as charlas técnicas en espazos abertos 2. -Manter a distancia de seguridade 3. -Uso obrigatorio da mascarilla
Adestramento - Antes	Deportistas	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Espazo libre, de tránsito ou prohibido	1. -Asignación de espazos libres, de tránsito ou prohibidos os diferentes axentes participantes. 2. -Posibilidade de zona verde, laranxa ou vermella
Adestramento - Antes	Deportistas	Contacto	Material deportivo de uso Simultáneo	Uso de material específico deportivo (palas de pádel, raquetas bádminton , palas de tenis de mesa, elementos de flotabilidad piscina...)	1. -Se recomendará na medida do posible que cada deportista traia o seu propio material 2. -No caso de ter que compartilo, habería que desinfectalo 3.-No caso das cadeiras de rodas, uso individual e desinfección antes de cada uso
Adestramento - Antes	Outros alleos	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Espazo libre, de tránsito ou prohibido.	1. -Asignación de espazos libres, de tránsito ou prohibidos os diferentes axentes participantes 2. -Posibilidade de zona verde, laranxa ou vermella.
Adestramento - Durante	Staff propio	Contacto	Persoa a persoa	Adestramento dun deporte colectivo adaptado a nova situación	1. -Asignación de grupos reducidos co obxectivo de diminuír o contacto 2. - Plantexar tarefas individuais e grupais sen contacto físico, moito traballo técnico (circuitos, postas, etc.).
Adestramento - Durante	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Espazo e distancia das charlas técnicas entre adestrador e deportistas	1. -Manter as charlas técnicas en espazos abertos 2. -Manter a distancia de seguridade 3. -Uso obrigatorio da mascarilla
Adestramento - Durante	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Espazo libre, de tránsito ou prohibido.	1. -Asignación de espazos libres, de tránsito ou prohibidos os diferentes axentes participantes 2. -Posibilidade de zona verde, laranxa ou vermella
Adestramento - Durante	Staff propio	Contacto	Material deportivo de uso Simultáneo	Tanto o auxiliar como o deportista teñen que tocar a mesmo material	1. Desinfectar as bolas sempre que se recollan e antes de darllas ao deportista
Adestramento - Durante	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	o adestrador e o deportista comparten o espazo de adestramento	1. Utilización sempre dos mesmos boxes polos deportistas e auxiliares
Adestramento - Durante	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Axuda do auxiliar ao seu deportista para poder entrenar	1. Uso da mascarilla 2. Na medida do posible o mesmo auxiliar por deportista
Adestramento - Durante	Deportistas	Contacto	Material deportivo de uso Simultáneo	Tanto o auxiliar como o deportista teñen que tocar o mesmo material	1. Desinfectar as bolas sempre que se recollan e antes de darllas ao deportista
Adestramento - Durante	Deportistas	Contacto	Material deportivo de uso Simultáneo	Manipular material deportivo durante o adestramento	1. -Evitar manipular material deportivo durante o adestramento.
Adestramento - Durante	Deportistas	Contacto	Material deportivo de uso Secuencial	Uso dos petos durante o adestramento e intercambio deles	1. -Que os deportistas acudan a sesión co seu peto e o leven para casa o finalizar
Adestramento - Durante	Deportistas	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Espazo e distancia das charlas técnicas entre adestrador e deportistas	1. -Manter as charlas técnicas en espazos abertos 2. -Manter a distancia de seguridade 3. -Uso obrigatorio da mascarilla por parte dos adestradores e dos deportistas
Adestramento - Durante	Deportistas	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Espazo libre, de tránsito ou prohibido	1. -Asignación de espazos libres, de tránsito ou prohibidos os diferentes axentes participantes 2. -Posibilidade de zona verde, laranxa ou vermella.
Adestramento - Durante	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Adestramento dun deporte colectivo adaptado a nova situación	1. -Asignación de grupos reducidos co obxectivo de diminuír o contacto 2. - Plantexar tarefas individuais e grupais sen contacto físico, moito traballo técnico (circuitos, postas, etc.).
Adestramento - Durante	Deportistas	Compartir alimentos e bebidas	Uso de botellas e vasos	Hidratación dos deportistas durante o adestramento.	1. -Non compartir botellas de auga 2. -Cada deportista ten que ter a súa botella de auga personalizada
Adestramento - Durante	Outros alleos	Contacto	Persoa a persoa	Pais que esperan aos seus fillos dentro das instalacións deportivas mentres se desenvolven os adestramentos.	1. -Prohibeselles esperar dentro das instalacións deportivas. 2. -Obrigatorio levar máscara, manter a distancia de seguridade (2 metros
Adestramento - Durante	Outros alleos	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Espazo libre, de tránsito ou prohibido	1. -Asignación de espazos libres, de tránsito ou prohibidos os diferentes axentes participantes 2. -Posibilidade de zona verde, laranxa ou vermella
Adestramento - Despois	Staff propio	Contacto	Persoa a persoa	despedidas despois do adestramento.	1. -Evitar despedirse utilizando calquera tipo de contacto

Adestramento - Despois	Staff propio	Contacto	Persoa a persoa	entrega de documentación en formatos físicos (cartas, papeis, avisos, etc.) ou diferente material.	1. -Utilización doutras alternativas (reunións telemáticas, teléfono móbil, etc.)
Adestramento - Despois	Staff propio	Contacto	Persoa a persoa	Manter medidas hixiénicas recomendadas.	1. -Lavar as mas antes e despois de adestramento 2. -Uso e dispoñibilidade nas instalacións deportivas de xel hidro alcohólico
Adestramento - Despois	Staff propio	Contacto	Material deportivo de uso Simultáneo	Manipular material deportivo despois do adestramento	1. -Só ter contacto con material deportivo os adestradores, non os deportistas 2. recoller o material deportivo despois do adestramento 3. -Limpeza correspondente do material deportivo
Adestramento - Despois	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Reunións do staff (adestrador) con outros alleos (pais/nais, familiares).	1. -Espazos amplos e ben ventilados 2. -Non superar o número de persoas recomendable 3. -Utilización doutras alternativas (reunións telemáticas, teléfono móbil, etc.)
Adestramento - Despois	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Espazo libre, de tránsito ou prohibido.	1. -Asignación de espazos libres, de tránsito ou prohibidos os diferentes axentes participantes 2. -Posibilidade de zona verde, laranxa ou vermella
Adestramento - Despois	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Uso do vestiario en función do número de adestradores e deportistas e tamaño do mesmo	1. -Manter a distancia de seguridade 2. -Impedir o uso do mesmo se non se pode respectar as medidas oportunas 3. -Adestradores e deportistas chegan e marchan das instalacións xa cambiados coa roupa deportiva correspondente. 4. -Recomendable ventilar o vestiario.
Adestramento - Despois	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Contaxio por contacto	1. -Lavar as mas despois de adestramento 2. -Uso e dispoñibilidade nas instalacións deportivas de xel hidro alcohólico.
Adestramento - Despois	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Despedidas despois do adestramento.	1. -Evitar despedirse utilizando calquera tipo de contacto
Adestramento - Despois	Deportistas	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Espazo libre, de tránsito ou prohibido	1. -Asignación de espazos libres, de tránsito ou prohibidos os diferentes axentes participantes. 2. -Posibilidade de zona verde, laranxa ou vermella
Adestramento - Despois	Deportistas	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Uso do vestiario en función do número de adestradores e deportistas e tamaño do mesmo	1. -Únicamente estará permitida a súa utilización no caso de ser posible a desinfección entre a entrada e saída de persoas así como a ventilación do espazo. 2. - No caso de que así sexa, o uso do vestiario estará limitado a un número de persoas que permitan manter a distancia de seguridade (+1,5 metros) entre elas. Para cumprir axeitadamente esta premisa, organizaráanse os turnos que sexan necesarios coa correspondente desinfección entre éstos. Despois do seu uso, as mochilas ou equipamento persoal deberá levarse á zona designada tal e como se indica nos seguintes puntos. 3. - No caso de non poder desinfectar os vestiarios tantas veces como é necesario polos motivos que foran, PROHÍBESE O SEU USO, polo que os/as participantes no adestramento deberán chegar debidamente uniformados/as da casa.
Adestramento - Despois	Outros alleos	Contacto	Persoa a persoa	Pais que esperan aos seus fillos dentro das instalacións deportivas mentres se desenvolven os adestramentos.	1. -Prohíbeselles esperar dentro das instalacións deportivas. 2. -Espera e recollida dos fillos fora das instalacións deportivas. 3. -Obrigatorio levar máscara, manter a distancia de seguridade (2 metros)
Adestramento - Despois	Outros alleos	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Reunións do staff (adestrador) con outros alleos (pais/nais, familiares).	1. -Espazos amplos e ben ventilados 2. -Non superar o número de persoas recomendable 3. -Utilización doutras alternativas (reunións telemáticas, teléfono móbil, etc.)
Adestramento - Despois	Outros alleos	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Espazo libre, de tránsito ou prohibido	1. -Asignación de espazos libres, de tránsito ou prohibidos os diferentes axentes participantes. 2. -Posibilidade de zona verde, laranxa ou vermella.
Competición - Antes	Staff propio	Contacto	Persoa a persoa	Medidas antes de acudir	1. Autoevaluación antes de saír da casa. Tomarse a temperatura 2. No caso dalgún tipo de sintomatoloxía, non acudir e avisar o club
Competición - Antes	Staff propio	Contacto	Persoa a persoa	Inscripción a Campionatos.	1. -Realizárase de forma telemática. 2. -Inscripción nominal dos participantes de cada equipo, co fin de ter impresas as actas dos partidos a disputar.
Competición - Antes	Staff propio	Contacto	Persoa a persoa	Entrega de documentación de Campionatos	1. -Previo a la celebración do Campionato remitírase vía mail aos clubs toda a información da xornada (Calendario, horario, probas, series...) para que o podan imprimir nas súas entidades. 2. -En deportes como campo a través ou atletismo, estarán clasificados e separados por clubs en sobres, para que un responsable os poda recoller

Competición - Antes	Staff propio	Contacto	Persoa a persoa	Traslado de técnicos e colaboradores á competición	1. -Cumprir as normas establecidas polas autoridades sanitarias, actualmente, uso de mascarilla 2. Toma de temperatura 3. Desinfección de calzado
Competición - Antes	Staff propio	Contacto	Material deportivo de uso Secuencial	Colocación de pancartas e rollers identificativos FGDA.	1. -Limpeza e desinfección previa do material
Competición - Antes	Staff propio	Contacto	Material deportivo de uso Secuencial	Traslado de material específico á zona de competición (mesas, bancos, implementos, podiums...)	1. -Limpeza e desinfección previa do material.
Competición - Antes	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Charla técnica con colaboradores previa a la competición.	1. -Manter as charlas técnicas en espazos abertos 2. -Manter a distancia de seguridade 3. -Uso obrigatorio da mascarilla.
Competición - Antes	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Traslado de técnicos e colaboradores á competición	1. -Cumprir as normas establecidas polas autoridades sanitarias, actualmente, uso de mascarilla
Competición - Antes	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Uso de vestiario, sempre que sexa posible	1. -Manter a distancia de seguridade 2. -Impedir o uso do mesmo se non se pode respectar as medidas oportunas 3. -Atender ás indicacións propias da instalación
Competición - Antes	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Espazo libre, de tránsito ou prohibido.	1. -Asignación de espazos libres, de tránsito ou prohibidos os diferentes axentes participantes. 2. -Panel explicativo na instalación. 3. -Posibilidade de zona verde, laranxa ou vermella.
Competición - Antes	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso alterno	Reunións do staff (adestrador) con outros alleos (pais/nais, familiares).	1. - Espazos ben ventilados 2. - Non superar o número de persoas recomendable 3. Utilización doutras alternativas (reunións telemáticas, teléfono móbil, etc)
Competición - Antes	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Medidas antes de acudir a actividade	1. Autoevaluación antes de saír da casa. Tomarse a temperatura 2. No caso de algún tipo de sintomatoloxía non acudir e avisar o club
Competición - Antes	Deportistas	Contacto	Material deportivo de uso Simultáneo	Uso de material específico deportivo (palas de pádel, raquetas bádminton , palas de tenis de mesa, elementos de flotabilidade piscina...)	1. -Se recomendará na medida do posible que cada deportista traia o seu propio material 2. -No caso de ter que compartilo, habería que desinfectalo
Competición - Antes	Deportistas	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Traslado deportistas en autobús	1. -Adoptar medidas que marque sanidade en canto a ocupación e uso de mascarillas
Competición - Antes	Deportistas	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Acceso á instalación deportiva.	1. -Será obrigatorio a limpeza de calzado, se é o caso das rodas das cadeiras de rodas. Comprobar na instalación si existe algunha zona específica para tal efecto. 2. -Uso doutro calzado diferente na competición 3. -Xel hidro alcohólico na entrada da instalación.
Competición - Antes	Deportistas	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Uso dos vestiarios	1. -Únicamente estará permitida a súa utilización no caso de ser posible a desinfección entre a entrada e saída de persoas así como a ventilación do espazo. 2. - No caso de que así sexa, o uso do vestiario estará limitado a un número de persoas que permitan manter a distancia de seguridade (+1,5 metros) entre elas. Para cumprir axeitadamente esta premisa, organizaranse os turnos que sexan necesarios coa correspondente desinfección entre éstos. Despois do seu uso, as mochilas ou equipamento persoal deberá levarse á zona designada tal e como se indica nos seguintes puntos. 3. - No caso de non poder desinfectar os vestiarios tantas veces como é necesario polos motivos que foran, PROHÍBESE O SEU USO, polo que os/as participantes no adestramento deberán chegar debidamente uniformados/as da casa.
Competición - Durante	Staff propio	Contacto	Persoa a persoa	Mentras agardan para competir	1. Prohibir a interacción entre membros de diferentes equipos
Competición - Durante	Staff propio	Contacto	Material deportivo de uso Simultáneo	Control do desenvolvemento dos partidos (anotación de resultado, tempo de xogo...)	1. -Facilitarles as actas xa cubertas cos participantes, soamente terán que anotar ás incidencias dos partidos. 2. -Desinfección do material específico (marcador, crono, tablillas de persoas...)
Competición - Durante	Staff propio	Contacto	Material deportivo de uso Simultáneo	Uso de banquetes.	1. -No cambio de partidos, desinfectaranse para o seguinte partido.
Competición - Durante	Staff propio	Contacto	Material deportivo de uso Simultáneo	Uso de implementos.	1. -Se o uso é compartido como o material específico de atletismo desinfectaranse despois de cada uso 2. -Os balóns na medida do posible cando o xogo se interrompa, no descanso e no cambio de partidos
Competición - Durante	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Arbitrar nos deportes colectivos.	1. -Nos deportes colectivos (fútbol sala, baloncesto) no que é preciso usar silbato habrá que estudar a posibilidade de que os árbitros podan usar pantalla .
Competición - Durante	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Espazo libre, de tránsito ou prohibido	1. -Asignación de espazos libres, de tránsito ou prohibidos os diferentes axentes participantes 2. -Panel explicativo na instalación 3. -Posibilidade de zona verde, laranxa ou vermella
Competición - Durante	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Estancia na grada/pista	1. -Delimitaremos na grada o espazo que deben ocupar os clubs nos seus momentos de espera previos á competición 2. -Se terá en conta a distancia de seguridade. 3. -Uso de mascarilla

Competición - Durante	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Acceso/saída a la pista de competición	1. -Se delimitará unha zona de entrada e outra de saída. Paneles indicativos. 2. -Xel hidro alcohólico no acceso e saída da pista 3. -Control de limpeza de calzado. Existe no mercado alfombrillas desinfectantes
Competición - Durante	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Charlas técnicas durante a competición na pista de xogo	1. -Manter a distancia de seguridade 2. -O técnico con mascarilla
Competición - Durante	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Control e medición das probas individuais.	1. -Os xuíces e colaboradores estarán con mascarilla 2. -Xel hidro alcohólico
Competición - Durante	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Publicación e consulta de resultados	1. -Para evitar aglomeración nunha zona concreta de publicación de resultados, tratarase de publicalos online nas RRSS da FGDA.
Competición - Durante	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Cámara de chamadas. (Atletismo, Natación, Campo a Través, Remoergómetro)	1. Cámara de chamadas. (Atletismo, Natación, Campo a Través, Remoergómetro) 2. -Xel hidro alcohólico. 3. -Distancia de seguridade de Deportistas e técnicos e uso de mascarilla
Competición - Durante	Staff propio	Compartir alimentos e bebidas	Uso de botellas e vasos	Hidratación durante a competición.	1. -Todos los participantes con mascarilla para el reparto. 2. -Non compartir a botella de auga. 3. -Personalizar a botella ou usar un bote propio.
Competición - Durante	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Saúdos ao inicio e final da competición.	1. -Evitar saudarse e despedirse utilizando calquera tipo de contacto
Competición - Durante	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Uso de banquillos.	1. -Na medida do posible manterase unha distancia de seguridade. 2. -No cambio de partidos, desinfectanse para o seguinte partido. 3. - Obligatorio o uso da máscara para todos os participantes mentras se estea no banquillo
Competición - Durante	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Cámara de chamadas. (Atletismo, Natación, Campo a Través, Remoergómetro)	1. -Uso obrigatoria da mascarilla. 2. -Xel hidro alcohólico. 3. -Distancia de seguridade de Deportistas e técnicos e uso de mascarilla. 4. Non permitir interacción entre distintos equipos
Competición - Durante	Deportistas	Contacto	Material deportivo de uso Simultáneo	Uso de implementos	1. -Se o uso é compartido como o material específico de atletismo desinfectanse despois de cada uso 2. -Os balóns na medida do posible cando o xogo se interrompa, no descanso e no cambio de partidos 3. -Desinfección continuada de mans, nos cambios de deportistas (deporte de equipo), descansos e sempre que sexa posible tras manipular o material
Competición - Durante	Deportistas	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Acceso/saída a la pista de competición.	1. -Se delimitará unha zona de entrada e outra de saída. Paneles indicativos 2. -Xel hidro alcohólico no acceso e saída da pista 3. -Control de limpeza de calzado. Existe no mercado alfombrillas desinfectantes
Competición - Durante	Deportistas	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Estancia na grada/pista	1. -Delimitaremos na grada o espazo que deben ocupar os clubs nos seus momentos de espera previos á competición. 2. -No caso de deportistas con movilidad reducida, habilitarase unha zona na pista. 3. -Se terá en conta a distancia de seguridade 4. -Uso de mascarilla
Competición - Durante	Deportistas	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Publicación e consulta de resultados.	1. -Para evitar aglomeración nunha zona concreta de publicación de resultados, tratarase de publicalos online nas RRSS da FGDA.
Competición - Durante	Deportistas	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Charlas técnicas durante a competición na pista de xogo.	1. -Manter a distancia de seguridade 2. -O técnico con mascarilla.
Competición - Durante	Outros alleos	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Estancia de familiares e público en xeral na competición.	1. -No caso de que esté permitido, se habilitará unha zona específica na grada e mantendo o aforo recomendado e distancia de seguridade. 2. -Si a instalación reúne as condicións o seu acceso será diferente ao dos deportistas e técnicos 3. -Terán que pasar por unha zona de desinfección.
Competición - Durante	Staff propio	Contacto	Material deportivo de uso Simultáneo	Tanto o auxiliar como o deportista teñen que tocar a mesmo material	1. Desinfectar as bolas sempre que se recollan e antes de darllas so deportista
Competición - Durante	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	o adestrador e o deportista comparten o espazo de adestramento	1. Utilización sempre dos mesmos boxes polos deportistas e auxiliares
Competición - Durante	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Axuda do auxiliar ao seu deportista para poder entrenar	1. Uso da mascarilla 2. Na medida do posible o mesmo auxiliar por deportista
Competición - Durante	Deportistas	Contacto	Material deportivo de uso Simultáneo	Tanto o auxiliar como o deportista teñen que tocar o mesmo material	1. Desinfectar as bolas sempre que se recollan e antes de darllas ao deportista
Competición - Despois	Staff propio	Contacto	Material deportivo de uso Secuencial	Recoller material, deportivo, pancartas, rollers...	1. -Limpiar e desinfectar.
Competición - Despois	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Espazo libre, de tránsito ou prohibido.	1. -Asignación de espazos libres, de tránsito ou prohibidos os diferentes axentes participantes 2. -Panel explicativo na instalación. 3. -Posibilidade de zona verde, laranxa ou vermella.
Competición - Despois	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Entrega de trofeos, medallas.	1. -Uso de mascarilla 2. -Manter a distancia de seguridade. 3. -Evitar saúdo con contacto 4. -Deixar trofeo ou medalla nunha mesa para a recollida
Competición - Despois	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso alterno	Reunións do staff (adestrador) con outros alleos (pais/nais, familiares).	1. - Espazos amplos e ben ventilados 2. - Non superar o número de persoas recomendable 3. - Utilización doutras alternativas (reunións telemáticas, teléfono móbil, etc)

Competición - Despois	Staff propio	Compartir alimentos e bebidas	Comida e Víveres	Entrega de picnic.	1. -Organizado e separado en caixas para cada club 2. -Cada picnic en bolsas para cada deportista. 3. -O recollerá un delegado por entidade 4. -Se insistirá en que non compartan os alimentos, na propia competición e na información previa enviada aos clubes. 5. -Uso obrigatorio da mascarilla
Competición - Despois	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Recollida de deportistas.	1. -Espera e recollida dos deportistas fóra da instalación 2. -Uso de mascarilla. 3. -Manter a distancia de seguridade
Competición - Despois	Deportistas	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Recollida de deportistas.	1. -Espera e recollida dos deportistas fóra da instalación. 2. -Uso de mascarilla. 3. -Manter a distancia de seguridade
Competición - Despois	Deportistas	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Entrega de trofeos, medallas.	1. -En deportes colectivos, recollerá o trofeo un solo deportista ou representante do club 2. -Manter a distancia de seguridade previa á recollida de trofeo ou medalla.. 3. -Separar o podium para manter a distancia de seguridade. 4. -Obrigatorio o uso da mascarilla 5. -A entrega de trofeos a levará a cabo un representante da FGDA
Competición - Despois	Deportistas	Compartir alimentos e bebidas	Comida e Víveres	Entrega de picnic.	1. -Organizado e separado en caixas para cada club 2. -Cada picnic en bolsas para cada deportista. 3. -O recollerá un delegado por entidade. 4. -Se insistirá en que non compartan os alimentos, na propia competición e na información previa enviada aos clubes 5. -Obrigatorio o uso de mascarilla.
Competición - Despois	Outros alleos	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Recollida de deportistas.	1. -Espera e recollida dos deportistas fóra da instalación.



Consonte ao disposto no apartado 3.21.2 da Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, a Secretaría Xeral para o Deporte ditou a Resolución do 15 de xuño de 2020 pola que se aproba o protocolo FISICOVID-DXTGALEGO no que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.

No apartado segundo dispónse que cada federación deportiva galega elaborará o seu propio protocolo consonte o contido desta norma básica, atendendo ás súas modalidades e especialidades deportivas, e no apartado cuarto que as federacións deportivas galegas comunicarán á Secretaría Xeral para o Deporte os seus respectivos protocolos así como a persoa que asuma os labores da súa coordinación e seguimento.

En data 10 de setembro de 2020 a Federación Galega de Deporte Adaptado remitiu á Secretaría Xeral para o Deporte unha última versión do protocolo federativo.

Javier Rico Díaz, asesor do Gabinete Secretaría Xeral para o Deporte e supervisor de protocolos FISICOVID-DXTGALEGO,

CERTIFICA

Que o protocolo da Federación Galega de Deporte Adaptado adecúase ao disposto no protocolo FISICOVID-DXTGALEGO polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2020

Asesor do Gabinete da Secretaría Xeral para o Deporte

Javier Rico Díaz



Xacobeo 2021

